



Expediente número: PLN/2018/10

**ACTA**

**Sesión Ordinaria 10/2018 celebrada polo Pleno  
do Concello o día 06 de setembro de 2018**

**ORDE DO DÍA**

**PARTE RESOLUTIVA**

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 9/2018 do 26/07/2018**
- 2. Aprobación da Conta Xeral do ano 2017**
- 3. Devolución de Garantía Depositada por Urbaser SA para Responder polo Contrato do Servizo Público de Recollida Domiciliaria de Lixo e o seu Transporte.**
- 4. Incremento do Límite das Gratificacións do Persoal Funcionario IV**

**PARTE DE CONTROL**

**5. Dar Conta dos Expediente de Modificación de Crédito: MC 23/2018.GC07/18, MC 24/2018.GC08/18, MC 25/2018.GC09/18, MC 26/2018.TC12/18, MC 27/2018.GC10/18, MC 28/2018.TC13/18 e MC 29/2018.GC11/18**

**6. Actividades de control do pleno.**

**6 . 1 Dar conta das Resolucións de Alcaldía.**

**6. 2 Mocións.**

**6. 3 Rogos e preguntas.**

No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía número 2351/2018 de data 03 de setembro de 2018, e sendo as vinte horas do 06 de setembro de 2018 coa presidencia do sr. Alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as seguintes concelleiros/as:



### **GPM PP**

Arturo González Barbeiro

María José Barciela Barros

María del Carmen Amoedo Dasilva

Ángela Antón Pazos

Jesús Crespo López

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros

María Teresa París Blanco

### **GPM PSOE**

Mauro Álvarez Castro

Ana Isabel Rey Gómez

Eduardo José Reguera Ocampo

Leonardo Cabaleiro Couñago

Digna Rosa Rivas Gómez

Isaac Borja Araújo Figueroa

### **GPM AER**

Xosé Covelo Míguez

Noé Cano Correa

Juan Roberto Darriba Ferradás

Javier Bastos Devesa

### **GPM BNG**

Xoán Carlos González Campo

### **NON ADSCRITO**

Enrique Fojo Durán

Asiste o interventor do Concello, sr. Ángel Santamariña Rivera; e o sr. Carlos López Quintáns, Secretario Municipal, que dá fe do acto.



Unha vez verificado polo Secretario o quórum e a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, da que estendo a presente acta.

### **INCIDENCIAS:**

- 1) Non asiste o concelleiro Julio César Mougán Vázquez do Partido Popular.
  - 2) Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.
  - 3) O sr. Alcalde, sendo as 22:15 horas acorda un receso na sesión. Sendo as 22:38 horas reiníciase.
  - 4) Ao reiniciar a sesión as 22:38 non está presente o concelleiro Mauro Álvarez (Psoe)
- 

O alcalde explica que **se propón a retirada** do Punto da Orde do Día da Aprobación da Conta Xeral do ano 2017 porque aínda está en período de exposición pública.

**Sometida a votación a retirada** do asunto anteriormente descrito na Orde do Día, apróbase a retirada, por unanimidade dos/as concelleiros/as sendo 20 votos a favor (08 do PP, 06 do PSOE, 04 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito)

O alcalde explica que **se propón por urxencia a incorporación** dun punto referido a Adhesión ao Convenio de Colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en Materia de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais para o Establecemento dun Sistema Público de Xestión da Biomasa nas Faixas Secundarias. A urxencia motivase porque é que o 17 de setembro é data límite para acordo de adhesión.

### **INTERVENCIÓNS:**

Sr. González (BNG): para nós o convenio é moi importante, é un convenio denso, o BNG non ten problema en que se presenten por urxencia mocións e escritos pero isto ten moita repercusión. Votaremos en contra porque temos que ter tempo para debatelos.

Sra. Amoedo: é un convenio importante, pero entendemos que o equipo de goberno e corporación están interesados, o prazo límite para adherirse no 2018 é o 17 de setembro. Entendemos que estamos representados na FEGAMP, é un convenio que foi negociado e estudado por eles. O que motiva a urxencia é que o 17 de setembro é a data límite para enviar o acordo de adhesión. É un convenio que abrangue ata 2021.

**Sometida a votación a incorporación** do asunto anteriormente descrito na Orde do Día, apróbase a inclusión, por maioría dos/as concelleiros/as presentes sendo 19 votos a favor (08 do PP, 06 do PSOE, 04 de AER e 01 do concelleiro non adscrito) e 01 voto en contra do BNG.



## PARTE RESOLUTIVA

### 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 9/2018 do 26/07/2018

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria núm. 9/2018 do 26/07/2018.

#### INTERVENCIÓNS:

Sr. Araújo: quero que se engadan unhas cousas na miña intervención, xa lle pasei por escrito ó secretario o que considero que se debe engadir. Dá lectura do seguinte escrito:

*Sr. Araújo: o PSdeG defende a candidatura das tres representacións (Danza de Espadas, Tamborileiro, Gaiteiro, Penlas, burras e a Coca). As dúas danzas (Espadas e Penlas) están integradas nun único baile, polo que ten que ser esta a única proposta que se presente. Xa se levan máis de 10 anos recuperando elementos da Danza (figuras, o choqueiro, céntulo, restaurándose a Coca e os Cabezudos...), e animamos a recuperar ao San Cristóbal. Propoñemos que o expediente quede enriba da mesa para incluílos e loitar por presentala ante a UNESCO.*

*Sr. Araújo: levo 15 anos bailando a Danza das Espadas, e unha cousa non vai sen a outra. Que se diga que vai ó BIC a Danza das Penlas é algo que non entendemos, pero ¿porque non intentalo con todo xunto, resaltando ao valor das Penlas? A canta máis xente estudiada e sensibilizada na materia se pregunte moito mellor, deixese aconsellar. En Redondela temos moitos expertos na materia, hai libros publicados (como do recoñecido historiador local, José Martínez Crespo, do membro da Real Academia Galega Clodio González Pérez...). Mal imos cunha concelleira que non está defendendo a nosa Cultura, ¿cantos libros publicou sobre a cultura no seu mandato? No mandato do PSOE con Xaime Rei hai un libro publicado respecto da festa da Coca, que lle animo a ler.*

Alcalde: cando se que quere transcribir literal un texto se debe dar por escrito no pleno para que quede constancia, unha acta recolle de forma sucinta, non se recolle todo. O fundamental é que recolla o espírito da súa intervención. Moitas veces quedan parágrafos relacionados co que se quere contar. Se hai algo esencial que non está, debe recollese.

Sr. Araújo: é simplemente un resumo.

Secretario: o deber da acta é recoller de forma sucinta, non se trata do Congreso dos Deputados nos que para redactar as actas, se emprega a estenotipia. Nun pleno resulta imposible recoller todo. Indica que neste caso poden admitir a excepción pero non poden convertelo en regra xeral.



Sra. París: no debate de orzamentos, na intervención da sra. Amoedo onde si: “*Seguimos sen pedir préstamos, pasamos de 11 millóns a tres millóns*” debería dicir que os créditos pendentes pasaron de 11 millóns cando chegamos a 3 millóns agora.

Na última intervención da sra. Amoedo: plan de inversións do Plan E da piscina de Redondela, é de Chapela.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado borrador, coa rectificación proposta polo PSOE e PP, apróbase, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes sendo 20 votos a favor (08 do PP, 06 do PSOE, 04 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito).

### **3. Devolución de Garantía Depositada por Urbaser SA para Responder polo Contrato do Servizo Público de Recollida Domiciliaria de Lixo e o seu Transporte.**

#### ANTECEDENTES:

Vista o ditame da Comisión Informativa de Medio Ambiente de día 20/08/2018 que di:

*“Mediante acordo do Pleno adoptado na sesión extraordinaria celebrada o 03.07.1996 de data 20.06.2016 adxudicóuselle a Urbaser, SA, co CIF A78999273, o Servizo público de recollida domiciliaria de lixo e o seu transporte, formalizándose o contrato o 19.07.1996.*

*Con data do 09.07.1996 foi constituída no Concello de Redondela a garantía definitiva por importe de 10.000.000 pesetas (60.000,00 euros) para responder da correcta prestación do servizo.*

*Con data do 26.04.2018 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Redondela, co núm. 5329, a solicitude presentada por Jaime Martínez Anido en nome de Urbaser, SA, relativo á devolución da garantía definitiva depositada no Concello de Redondela para responder do contrato do Servizo Público do Lixo, polo importe de 10.000.000 pesetas (60.000,00 euros).*

*Vistos os informes favorables á devolución emitidos polo secretario xeral municipal, polo tesoureiro accidental do Concello e polo interventor municipal, con data 26 e 28 de xuño de 2018 e 27 de xullo de 2018, respectivamente.*



Xa que logo, **PROPOÑO** á Comisión Informativa de Medio Ambiente que ditamine favorablemente os seguintes

## **ACORDOS**

**Primeiro.**- Proceder á **devolución da devandita garantía** depositada por **Urbaser, SA**, co CIF A78999273, no Concello de Redondela, por importe de **10.000.000 pesetas (60.000,00 euros)**, para responder do contrato do **Servizo público de recollida domiciliaria de lixo e o seu transporte.**

**Segundo.**- **Remitirille** ao contratista a **garantía solicitada** ao enderezo:

**Urbaser, SA**

**Xoán Manuel Pereira, 6, 1º**

**36800 Redondela."**

## **INTERVENCIÓNS:**

**Sra. Amoedo:** é a devolución do aval, da fianza do contrato, foi constituída no ano 1996 e os informes internos son favorables. A proposta que se trae aquí é a devolución.

**Sr. González (BNG):** os informes de secretaría e intervención son favorables. O contrato rematou no 2007, teñen dereito á devolución e hai que facelo. Queremos recalcar o mal servizo que URBASER está prestando. No centro urbano parece ser que está facendo un servizo coma unha ONG porque non está cobrando; é o servizo de retirar os contedores no centro urbano.

**Sr. Cabaleiro:** dende o PSOE mantemos que a quen se lles debe cartos se lle pague pero parécenos estraño que despois de tanto tempo se reclame agora. Señores do PP vostedes non fan o seguimento que deberían ¿canto tempo leva sen reunirse a comisión de servizos privatizados?. Temos dereito a saber se vostedes fan un seguimento eficaz disto. ¿Que pasou cos antigos contedores que foron substituídos polos modernos? Consideramos que é necesario que se convoquen as comisións de servizos privatizados.

**Alcalde:** vostede sabe o concepto do aval, a que corresponde este aval de 60.000 euros. A pregunta que vostede fai está no texto do aval, o texto é claro.



Sra. Amoedo: o problema que teñen vostedes é que non traballan. Á comisión non veu ningún representante do PSOE, do BNG tampouco. Non len os expedientes. Utiliza a expresión de estraño pero nada di de que quenes nos deixaron atados a URBASER por 20 anos foron vostedes.

O contrato finalizou o 31 de xullo de 2007 pero non cumpriron coas súas obrigas de devolución de oficio do aval. ¿Este contrato non é privatizar servizos públicos? O fixeron vostedes. Cando gobernan fan o contrario do que din na oposición. Non vin aínda o día no que por escrito pediran unha comisión de servizos privatizados. Nin unha soa denuncia súa nin do BNG do mal servizo da empresa.

Sr. González (BNG): a voceira do PP presta atención ós veciños e veciñas 6 horas á semana e cobra 23.000 euros. O contrato do que estamos falando é do ano 1996 cando se privatizou o servizo e a voceira que está falando formaba xa daquela parte do equipo de goberno. O BNG recibiu o servizo privatizado. Se hai unha modificación de contrato para unha recollida diaria de contedores significa unha modificación dos pregos e o alcalde ten que informar do que pasa. Vostede non pode dar leccións. Apoiaremos a proposta porque está avalada polos informes.

Sr. Darriba: a comisión de servizos privatizados debería funcionar, e nos gustaría que todos os grupos que vaian a ela foran co traballo feito. Existen informes favorables neste punto e votaremos a favor.

Sr. Cabaleiro: vostede sra. Amoeda foi secretaria do sr. Amado Ricón. Nos absteremos neste caso para que a devolución de aval se faga.

Sra. Amoedo: comecei explicando o punto de forma concreta, breve. Na miña intervención falei de datos concretos. Sr. González sabe perfectamente que estou todos os días no Concello e calquera que toque a miña porta o atendo. O BNG co sr. Pazos cobraba 45.000 euros e facía horario de 8:00 a 15:00 horas.

A realidade aquí é que existe unha garantía que se tiña que devolver.

#### VOTACIÓN E ACORDOS:

Sometida a votación a proposta antes indicada, resulta aprobada en votación ordinaria por maioría dos concelleiros presentes, sendo 14 votos a favor (08 do PP, 04 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito) e 06 abstencións do PSOE.



#### **4. Incremento do Límite das Gratificacións do Persoal Funcionario IV.**

##### ANTECEDENTES:

Vista o ditame da Comisión Informativa permanente de Economía e Facenda de día 03/09/2018 que di:

*“A día de hoxe, obsérvase que existen importes de gratificacións por servizos extraordinarios que están pendentes de aboar deste mes.*

*É por elo que é preciso proceder a realizar as pertinentes operacións orzamentarias que poidan amparar estas retribucións pendentes de aboar os empregados municipais.*

*No caso dos funcionarios, como vai supor un aumento do importe global das gratificacións extraordinarias aprobadas no seu momento polo Pleno, é preciso que a autorización para aumentar dito importe sexa outorgado polo órgano competente que é o Pleno da Corporación.*

*Incorpórase o informe de Intervención con referencia APN-27.08.18.1 de 27 de xullo que consta de catro páxinas.*

*En virtude do que antecede esta Presidencia, propón que a Comisión Informativa de Economía e Facenda eleve ó Concello Pleno a seguinte proposta de acordo:*

*Primeiro.- Establecer o importe máximo de gratificacións en 62.432,47 €, cumprindo coas condicións establecidas no informe da Intervención antedito.”*

##### INTERVENCIÓNS:

Sra. Amoedo: despois de ir á comisión pertinente, hai que incorporar unha cantidade para poder facer o pago e se poida aboar ao persoal o traballo que fixeron polas horas correspondentes.

Sr. González (BNG): hai varias cuestións que plantexamos en torno a este tema das gratificacións, o temporal do 4 de setembro supoñemos que terá que ver nestas gratificacións, se esta é a escusa entendémolo.

Sr. Darriba: normalmente isto vai incluído nas nóminas e con reparo en case todas; normalmente no informe de intervención se fai aclaración respecto de que os policías locais reclamen as horas extras cando van aos xulgados.





Sr. Cabaleiro: isto é a mesma cantinela de sempre pero parece que veñen máis suaves os importes. Teñen un problema para distinguir o que son os servizos normais e os que non o son. Pedímoslle ó grupo de goberno que planifique e leve a cabo o control do gasto.

Alcalde: sr. Darriba en relación á pregunta que fai teremos unha reunión co servizo de intervención para aclaralo. No convenio nós temos que pagar, a partir de aí a reclamación ten un procedemento e non é tan sinxelo.

Sra. Amoedo: o expediente fala claramente do que trata. Dicirlle ó sr. Cabaleiro que os departamentos están ben organizados pero cando xorden emerxencias ou situacións extraordinarias hai que atendelas.

Sr. González (BNG): o BNG asistiu á comisión e cando temos dúbidas as plantexamos na comisión. Sempre estamos falando das gratificacións e da falta de control e xestión do equipo de goberno; cando falamos das avarías e de cuestións de emerxencia para iso están as gratificacións.

Sr. Cabaleiro: este importe son 163 euros e pensa vostede sra. Amoedo que o PSOE pode ser tan malo despois de todo o que levan traído a pleno.

Sra. Amoedo: as horas son deste mes, non do pasado. Simplemente lle dixen que lida as horas e dos traballos que constan aquí se algunha se podía facer de 8:00 a 15:00 horas. Dicirlle ó sr. Xoan Carlos que ten o deber de asistir ás comisións, e non hai máis. Se trata de que co pouco persoal que hai se saquen os servizos.

#### VOTACIÓN E ACORDOS:

Sometida a votación a proposta antes indicada, resulta aprobada en votación ordinaria por maioría dos concelleiros presentes, sendo 09 votos a favor (08 do PP e 01 do concelleiro non adscrito), 04 votos en contra de AER e 07 abstencións (06 de PSOE e 01 do BNG).



**FÓRA ORDE DO DÍA: Adhesión ao Convenio de Colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en Materia de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais para o establecemento dun Sistema Público de Xestión da Biomasa nas Faixas Secundarias.**

**ANTECEDENTES:**

Vista a proposta de Alcaldía de día 06/09/2018 que di:

*“Conforme á normativa de réxime local o municipio exerce como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a prevención e extinción de incendios. É competencia da Xunta de Galicia a xestión das redes primarias e terciarias de xestión de biomasa, e compete ás entidades locais a xestión das redes secundarias.*

*A través do Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, canalízase a cooperación entre a Administración local e a Administración autonómica como vía para acometer tarefas de claro interese público como é a de xestionar a biomasa vexetal con alto potencial combustible, especialmente nos terreos forestais que estean preto dos núcleos de poboación, asegurando a súa retirada con anterioridade á época de perigo de incendios polas persoas titulares das parcelas, así como, no caso de incumprimento destas obrigas esenciais, asegurar a súa execución subsidiaria, a través de procedementos áxiles, por parte das administracións públicas.*

*As denominadas redes secundarias de xestión de biomasa teñen un ámbito e son de competencia municipal e posúen a función prioritaria de protexer os núcleos de poboación, as infraestruturas, os equipamentos sociais, as zonas edificadas, os parques e os polígonos industriais.*

*O convenio instrumenta a cooperación nas tarefas de interese público, mediante o fomento da necesaria prevención de incendios por parte das persoas particulares, facilitando que cumpran coa súa obriga de xestión da biomasa dos seus montes. Así, e a través deste convenio, co fin de que os montes queden nun estado de ausencia de perigo para os bens e as persoas, aquelas persoas titulares de montes que se comprometan a formalizar coa entidade xestora do sistema un contrato de xestión da biomasa dos seus montes durante o prazo de vixencia deste convenio, aboando unha tarifa uniforme fixada por hectárea, beneficiaranse das vantaxes do sistema, que inclúen, a asunción polas administracións convenientes dos maiores custos a que poida dar lugar a indicada xestión.*



*Instrumentase tamén a cooperación nas tarefas de interese público, mediante a cooperación para a execución subsidiaria da xestión da biomasa nos casos en que as persoas particulares non cumpran coas súas obrigas legais.*

*Visto o informe de secretaría n.º 85/2018 de 6 de setembro, de carácter favorable.*

*Considerando o contido do convenio resulta de interese para este Concello a adhesión ao mesmo, polo que **PROPOÑO ao PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL a adopción do seguinte acordo:***

*A adhesión formal e expresa a todas e cada unha das cláusulas do Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias; asumindo as obrigas e compromisos derivados del e con suxeición plena a todas elas (DOG n.º 156 de 17 de agosto de 2018).”*

#### INTERVENCIONS:

Sra. Amoedo: despois da presentación que tivemos o 3 de setembro na que estaba a representación de FEGAMP, XUNTA e SEAGA, explicándonos o que se pretendía con este convenio, entendemos que este convenio é unha axuda moi importante para os concellos, o prazo de adhesión remata o 17 de setembro e queremos facela antes de que remate. Trátase dun convenio de cooperación entre administración autonómica e local para xestionar a biomasa, a súa limpeza así como para a execución subsidiaria.

Sr. Fojo: comprendemos que se meta por urxencia este tema. Pensamos que a Xunta debería ter este tema listo o ano pasado polo menos. O convenio non nos parece negativo pero cremos que ten que ser sempre baixo a premisa de que é unha obriga moral para o goberno do concello facer conciencia en todos os redondeláns de que a responsabilidade principal é de todos os veciños da vila, ensinándolles que outro modelo de xestión é sostible, con prácticas necesarias para a nosa seguridade.

Sr. González (BNG): despois de escoitar a intervención da concelleira do PP e dicir que houbo unha presentación o 3 de setembro coa consellería, ademais de tratarse dunha Orde que se publica o 17 de agosto; dicir que non se nos transmitiu nada ós grupos, nas xuntas de voceiros que houbo nesas datas non se falou nada disto.

É un instrumento para a loita contra os incendios. O 1 de agosto hai unha resolución de alcaldía na que por concurso se lle paga a unha empresa máis de 6.000 euros para que faga un plan de prevención de incendios forestais; xa pagamos para que se faga este plan e agora nos traen isto a correr. Nestas condicións non podemos avalar este convenio, non queda claro o que se pretende con este convenio. Se fai seguidismo do PP da Xunta.



Sr. Covelo: este é un tema no que leva tempo traballando a FEGAMP coa Xunta, se publicou o 17 de agosto e tiveron reunión o 3 de setembro; a urxencia vén porque hai varios prazos para adherirse, o primeiro que remata o 17 de setembro implica meterse xa no ano 2018, o que se quere facer é aproveitar de forma urxente aínda que sería bo que houbera un consello forestal. É un convenio de catro anos. Mellor isto que nada.

Para nós isto vai na liña de servizos ecosistémicos que proporcionan os montes, producen auga, control de erosión... agora falamos do servizo de defensa contra o lume e das obrigas que ten o Concello de cumprir as obrigas de xestionar e identificar a propietarios para que se cumpra a lexislación, informar e cumprir no caso de existir terreos do Concello.

Facer o Plan de prevención é un deber do Concello, o que che dan é un apoio técnico no caso de ser concellos pequenos ou sen suficientes recursos. No consello forestal fixeramos unha proposta de elaborar o plan de prevención de incendios. Preguntamos porqué non se convocou o Consello Forestal. O que se contratou paréceme moi económico para facer un plan deste tipo co traballo que esixe. Manexamos unha factura do ano 2009 na que o goberno daquela encargara un plan de prevención pero non temos o plan. Preguntamos a quen gobernaba daquela e a quen goberna agora se teñen localizado o plan. Pregunto porque vamos facer outro plan e cando xa había un.

É importante para adherirse, ter un plan de prevención ou polo menos unha cartografía para identificar ós propietarios. Neste sentido fago a pregunta. Consideramos que o convenio é positivo e permitirá ó Concello esixirlle á Xunta.

A Xunta levará á comisión as propostas de adhesión e seleccionará aquelas que sexan procedentes.

Sr. Cabaleiro: o art. 7 di que corresponde ós Concellos elaborar os plans de prevención e defensa contra incendios forestais. Neste problema dos lumes hai que tomar decisións a fondo para que non volvan a darse estes problemas e desgracias. O día 31 de xullo houbo unha comisión de política forestal na Xunta e pode verse nos documentos que alí se trataron que os conselleiros da Xunta dicían que probablemente se equivocaron na súa política forestal. O PSOE propuxo alí unha serie de emendas para modernizar as políticas forestais. O PP foi quen de aceptar o 90%, entre elas a creación dun novo ente que será xestionado pola Xunta para acometer o desenrolo da política gandeira e forestal; isto aliviaría aos Concellos para ter as franxas limpas. Nós vamos a apoiar este convenio porque non deixa de ser unha ferramenta máis para combater o lume. As políticas que vén facendo a Xunta sobre incendios son caducas.

Sra. Amoedo: sr. Fojo este convenio é ata o 2021, se trata de chegar a acordos, compatibilizar que se poidan levar a cabo as actuacións. Sr. González non entendo que lle preocupa deste convenio, se trata de prever incendios, a súa postura é o non polo non. Algo que é bo para Redondela vostede di que non. É algo que todos vimos demandando de hai moito tempo. Supoño que non quere vostede que Redondela perda o 2018.



Dicirille ó sr. Cabaleiro que a realidade é que este goberno leva facendo moitos consellos forestais, avanzamos en cuestións importantes que afectan ás comunidades de montes, estamos traballando co sistema GIS para as franxas de protección, o plan do que me fala está en tramitación. É un problema de todos, non de cor política. Se está facendo un labor de concienciación importante. Catro anos de duración este convenio. A Xunta achega para este 2018 unha cantidade moi importante. Cremos que é bo, construtivo. Xa lle digo que o PP escoita, atende. A FEGAMP representa a todos os concellos. Non entendo a posición do BNG.

Sr. Fojo: tamén sabemos que foi correosa a tramitación do convenio. Aínda así no último ano puideron facerse máis campañas de concienciación. Apoiaremos o convenio.

Sr. González (BNG): esperabamos que este convenio fose máis ambicioso. O monte arde polas políticas do PP e o negocio das empresas. Por iso cando veñen convenios a correr o BNG quere estudalos con calma. As primeiras fotos que se fixeron despois do lume foron dos montes ardidos en Ventosela. Toda esta liña de improvisación e falta de control é o que temos que enfrontar. Vostedes están convertendo todo nun viveiro de eucaliptos. Respecto do plan de prevención que preguntaba AER, o BNG non está no goberno e non se quedou con eses proxectos, estarán no Concello. Non podemos apoiar este convenio porque é un convenio trampa e non se nos explicou este plan polo que se pagan máis de 6.000 euros.

Sr. Covelo: realmente este Concello non ten que poñer cartos, recordo aquel consello forestal no que abordamos moitas cuestións destas e todo eran peros. Despois chegou unha subvención ó Concello para o tema de APROL e se están facendo cousas. O Concello non ten que poñer cartos, a adhesión será un plan anual no que a Xunta lle paga 350 euros por hectárea a SEAGA para que actúe nas fincas dos particulares; tarifa plana de 350 euros por hectárea. Faltan cuestións de promoción de franxas verdes; tería que existir nas zonas que se limpan especies que creasen e mellorasen a franxa.

Sr. Cabaleiro: este acordo pode ser bo para Redondela. Recoñecido o fracaso das políticas forestais é bo pensar porqué se fixeron mal as cousas. A gandería é unha forma de combater os lumes en moitas ocasións e dende a Xunta teñen que fomentalo, todo vai en consonancia. Son decisións que a Xunta ten que tomar. Esperemos que isto poida valer, darémoslle o apoio. Creo que o PP que actualmente goberna na Xunta é responsable dos lumes.

Sra. Amoedo: dicir que os incendios do ano pasado son culpa das políticas forestais do PP denota a catadura política que teñen vostedes. Non é unha cuestión de cor política. Prenden nunha punta e noutra de Galicia en zonas rochosas e non poden ir os avións. Coas declaracións que fan aínda pode existir alguén que crea o que vostedes din. O que debemos é ser sensatos e serios con este tema. É algo que nos ten que importar e moito. Vostedes piden comisións e non aportan nunca, veñen aquí a facer demagogia política.



## VOTACIÓN E ACORDOS:

Sometida a votación a proposta antes indicada, resulta aprobada en votación ordinaria por maioría dos concelleiros presentes, sendo 19 votos a favor (08 do PP, 06 de PSOE, 04 de AER e 01 do concelleiro non adscrito), e 01 voto en contra do BNG.

## PARTE DE CONTROL

**5. Dar Conta dos Expediente de Modificación de Crédito: MC 23/2018.GC07/18, MC 24/2018.GC08/18, MC 25/2018.GC09/18, MC 26/2018.TC12/18, MC 27/2018.GC10/18, MC 28/2018.TC13/18 e MC 29/2018.GC11/18**

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 23/2018.GC07/18 mediante a xeración de crédito por importe de 46.238,42 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 24.07.2018

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 24/2018.GC08/18 mediante a xeración de crédito por importe de 116.751,57 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 02.08.2018

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 25/2018.GC09/18 mediante a xeración de crédito por importe de 53.808,83 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 03.08.2018

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 26/2018.TC12/18 mediante a transferencia de crédito por importe de 3.331,15 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 13.08.2018

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 27/2018.GC10/18 mediante a xeración de crédito por importe de 216.186,54 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 16.08.2018

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 28/2018.TC13/18 mediante a transferencia de crédito por importe de 1.289,08 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 21.08.2018



Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 29/2018.GC11/18 mediante a xeración de crédito por importe de 99.430,17 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 03.09.2018

O Concello Pleno quedou informado dos expedientes administrativos de modificación de crédito, anteriormente relacionados.

## **6. Actividades de control do pleno.**

### **6 . 1 Dar conta das Resolucións de Alcaldía.**

O pleno queda informado das resolucións de Alcaldía. Non se producen intervencións.

### **6. 2 Mocións.**

#### **6.2.1 Moción BNG Rexeitando Actuacións da Autoridade Portuaria de Vigo no Termo Municipal de Redondela.**

##### **ANTECEDENTES:**

Moción do BNG do día 29.08.2018 con número 2018-E-RE-1211 que se transcribe a continuación:

*“A Autoridade Portuaria de Vigo, constitúe un Ente de carácter público, dependente de Portos do Estado polo tanto do Ministerio de Fomento, cuxa presidencia exercea Enrique López Veiga. Do Consello de Administración forman parte 17 persoas, entre elas o alcalde-presidente do Concello de Redondela, Javier Bas Corugeira. Entre algunhas das competencias da Autoridade podemos destacar: Ordeación da zoa de servizo do porto e dos usos portuarios; Planificación, proxecto, construción, conservación e explotación das obras e servizos do porto e dos sinais marítimos; Fomento de actividades industriais e comerciais relacionadas co tráfico marítimo ou portuario; Coordinación das operacións das distintas modalidades de transporte no espazo portuario.*

*A súa área de influencia sobarda a cidade olívica, estendéndose por outros catro concellos: Cangas, Moaña, Vilaboa e Redondela, ocupando tanto terreos do Dominio Público Marítimo Terrestre como aterramentos que se levaron a cabo nas últimas décadas. Ao longo duns 5qm, e arredor de 20 ha. da beiramar do concello de Redondela, están suxeitos ás directrices que emanan dende a Presidencia e o Consello de Administración deste Ente. Na actualidade varias empresas residen na zoa cercana ao mar, con importantes aterramentos, mesmo dentro da Rede Natura 2000.*

*Unha das parcelas de maior tamaño constitúena os terreos da Empresa Duchess, ou do*





*“Cargadoiro de Mineral de Rande”. Nos últimos anos dende a presidencia da Autoridade Portuaria, téñese manifestado interese por rendabilizar os terreos ociosos desta concesión, ao igual que os de David Fernández Grande, ou “Cargadoiro de Pedra”.*

*A primeira das propostas que López Veiga lanzou prantexaba converter estes terreos enclavados no Estreito de Rande en peirao para arranxo de barcos, ou para aqueles que poideran quedar abandonados. Mesmo recollía a posibilidade de desmantelar o propio Cargadoiro, unha das pezas máis singulares da histórica industrialización da beiramar Redondela.*

*Nas últimas semanas o propio presidente da Autoridade Portuaria, vén de presentar a proposta de adquirir os terreos pertencentes á empresa Duchess, co fin de construír un novo vial de entrada e saída de camións. Convertiríase este ámbito, de algo máis de 40.000m<sup>2</sup>, nun grande espazo de almacenamento de contedores, en pleno corazón da Rede Natura 2000. Segundo tén trascendido, a proposta conta co respaldo do Consello de Administración da Autoridade Portuaria, do que forma parte o alcalde de Redondela, Javier Bas.*

*Nalgunha das declaracións de López Veiga, tén recollido a necesidade de recuperar a actividade no “Cargadoiro de Pedra” de Rande, e mesmo chegar aínda máis adentro, ata a Punta Soutela, ámbito competencial ao que chega a Autoridade Portuaria.*

*Calquera das alternativas prantexadas, volve a poñer en grave risco, o xa de por si difícil equilibrio medioambiental dun espazo tan singular como o Estreito de Rande, a Enseada de San Simón, espazo declarado Lugar de Interese Comunitario (LIC), Rede Natura 2000. Este espazo singular, alberga o xa por tod@s coñecido resto da Batalla Naval de Rande, ademáis doutros elementos patrimoniais tan singulares como a Illa de San Simón, a Praia de Cesantes,...*

*Un novo proceso industrializador na beiramar do Estreito de Rande, vai levar aparellado un intenso movemento de tráfico pesado, tráfico marítimo, e mesmo de movemento de trens de mercadorías. Paradoxalmente, un espazo do medio mariño que debería ser protexido, reducindo a actividade portuaria, vaise converter nun almacén de contedores.*

*As diferentes propostas que baralla a Autoridade Portuaria de Vigo, van supoñer pois a perda de calidade de vida para moitas familias de Rande, Cabanas. Dende o BNG, xa anunciamos no seu momento que nos opoñiamos a poñer en risco o difícil equilibrio medioambiental e social que sofre Rande e o seu Estreito.*

*Por outra banda, a Plataforma Loxística Salvaterra As Neves (PLISAN), promovida pola Xunta de Galiza, Zoa Franca e Autoridade Portuaria, atópase nas últimas fases do seu desenvolvemento. Cunha extensión de 3 millóns de metros cadrados, dos que perto de 400.000 estarían reservados para actividade industrial, deberían servir para que calquera das propostas da Presidencia e Consello de Administración da Autoridade Portuaria, tiveran cabida nel.*





*Por todo o anteriormente exposto, e en base ao Regulamento Orgánico do Concello de Redondela, solicitamos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes, ACORDOS:*

*1º.- Rexeitar a proposta da Autoridade Portuaria de Vigo, de converter os terreos da Empresa Duchess, e do "Cargadoiro de Mineral", en almacén de contedores, ou de calquera outra actividade.*

*2º.- Rexeitar a proposta da Autoridade Portuaria de Vigo, de recuperar a actividade industrial nos terreos concesión de David Fernández Grande, "Cargadoiro de Pedra".*

*3º.- Rexeitar a proposta da Autoridade Portuaria de Vigo, de recuperar o uso de terreos dende o Cargadoiro de Pedra ata a Punta Soutela.*

*4º.- Trasladar dito acordo á Presidencia e Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo, Portos do Estado, e Ministerio de Fomento."*

#### INTERVENCIÓNS:

Sr. González (BNG): o Alcalde de Redondela non representa aos veciños. Autoridade Portuaria pertence ó Ministerio de Fomento. Paso a ler algúns dos obxectivos e tarefas deste ente: ordenación da zona de servizo do porto e servizos portuarios, fomento de actividades industriais e comerciais relacionadas co tráfico marítimo e portuario... Salientamos que arredor duns 5 km da beiramar do Concello Redondela gobernan eles dun xeito autónomo.

Nesta extensión da Enseada de San Simón, da Rede Natura 2000, nas últimas semanas hai unha proposta do presidente da autoridade portuaria dos contedores que ssexan retirados da zona de guixar e Teis pasen a ser ocupados na actualidade nos cargadoiros que ten a empresa Duchess e nos terreos ocupados no seu momento polos soterramentos. Tamén podería ver a ocupar os terreos do cargadeiro de pedra e incluso vai máis alá e podería ocupar se fai falta terreos que chegan ata Punta Soutelo. Isto crea moitísima preocupación. Unha das propostas máis salientables nas que investirán 2,5 millóns de euros é nos terreos de Duchess para facer un viario; isto vai empeorar as condicións de vida dos veciños. Tememos que se non hai unha resposta en primeiro lugar do pleno e unha resposta na rúa para deter a intención da Autoridade Portuaria isto seguirá adiante. Apostamos por presentar esta moción á corporación con catro puntos que vou a ler porque nos parecen importantes. Dá lectura dos catro puntos.

É un problema de carácter político. Flagrante renuncia do alcalde de Redondela de defender aos veciños de Rande, a cousa parece que ía pasar así de puntillas e nós recollendo esta preocupación agardamos apoio unánime.

Alcalde: minte. Terá toda a información exacta sobre o enfrontamento que existiu en relación a isto.



Sr. Fojo: a nosa ría bastante castigada está para seguir maltratándoa máis. Estamos de acordo en darlle un uso a este chan. Estamos a favor dun desenrolo para outros actores do Concello e non un espazo explotado a conta dos redondeláns. Respecto da pouca competencia que ten o Concello sobre este tema pedimos instar a Portos do Estado para buscar unha solución a este chan industrial para que sexan coherentes co medio ambiente, entorno e dean valor engadido ó emprego poñendo en valor ao Concello.

Sr. Bastos: estamos de acordo coa moción, apoiarémola. Dúvidas que temos nos puntos de acordos que fan referencia a rexeitar propostas pero realmente non temos ningún proxecto ou proposta. ¿Existen? É unha moción baseada en declaracións de prensa, non hai escritos nin hai nada. Estamos de acordo en que é unha zona de especial protección, incluso restaurar o cargadoiro de minerais.

No punto 1 dos acordos que se propoñen temos a dúbida de a que se refire con calquera outra actividade. O Concello de Redondela podería pedir un espazo para utilizar como aparcadoiro para o Meirande.

Non escoitamos ningunha proposta, se pide que non se faga pero non hai propostas feitas polo Pleno de que facer alí. Esperamos que o alcalde nos poida resolver a dúbida.

Alcalde: os terreos aínda non son da autoridade portuaria, vai adquirilos. O que lle interesa ó Concello de Redondela é facilitar os accesos porque agora son malos por exemplo para entrada de autobuses. Estes días chegou un borrador do proxecto dos accesos, esa parte non nos prexudica. O que si nos prexudica é a outra parte que tamén se recolle na moción, o pleno sempre tivo ese posicionamento. O avance con respecto a outras épocas pasadas é que se van adquirir os terreos pola Autoridade Portuaria. Nós o criterio o seguimos mantendo: que non se enturbe o medioambiente.

Sr. Cabaleiro: darlle as grazas ó BNG por presentar esta moción, o PSOE tiña preparada unha moción para presentar neste pleno. Apoiaremos esta moción ao 100%. Quería preguntarlle ao alcalde que dixo no Consello do Porto respecto do que se está plantexando. Ten información que non nos fai chegar nun tema desta importancia onde se pretende facer algo que pode prexudicar á veciñanza. Un alcalde con talante debe transmitir ós demais grupos da oposición o que está ocorrendo na zona. A pregunta é que dixo ese día.

Alcalde: votei a favor dos accesos e da compra dos terreos. Nada de contedores.

Sr. Cabaleiro: para conformar unha nova terminal de contedores, foi o que dixo. O alcalde de Redondela é un membro que está alí e non presentou ningunha obxección, se mostrou encantado. O que rexeitamos é que se meta alí unha actividade industrial e levala a Portoseco. O que lamentamos é que aínda que hoxe votemos esta moción, xa está aprobada no Consello co voto a favor do alcalde de Redondela, a decisión é inamovible.



O peirao da Pedra é un sitio moi delicado, lle pido ó Alcalde que subscriba a moción.

Alcalde: dende hai moito tempo vimos reivindicando que isto non se faga.

Sra. Amoedo: miren sr. Cabaleiro e sr. González, o que hai certo é que existe un borrador para incidir nos accesos. O noso Alcalde reuniuse co sr. Veiga para dicirlle non ós cargadoiros e retiros de barcos para esa zona. ¿Resulta que 30 anos non estivo alí o cargadoiro de mineral? Teñen pasado sr. Cabaleiro, non se esquezan diso. Lles molesta a verdade, quen recuperou e fixo que Meirande se recuperase, despois de escoitar ós veciños foi Javier Bas, con proposta para que a autoridade portuaria concedese os terreos. Se fixo un pantalán, visitas ás illas de San Simón e San Antonio. O Concello colabora permanentemente cos veciños desa zona. Se esquecen do pasado, a moción que presentou o PP en colaboración con entidades como a da asociación da Enseada de San Simón foi rexeitada por PSOE e BNG e na que outras cousas se solicitaba o saneamento da ría de Vigo en xeral e litoral de Redondela, eliminación de verquidos na Enseada de San Simón, modernización e mellora das estacións de saneamento, inventario en condicións do que alí hai, suspensión de plans de recheo na Enseada de San Simón, o 27 de outubro de 2011 vostedes e BNG votaron en contra.

Este equipo de goberno defende os intereses dos veciños de Redondela. Veñen con fume, é unha proposta que imos apoiar, non estaremos de acordo con colocar alí calquera actividade que non sexa limpa e non teña o apoio dos veciños. O presidente da autoridade portuaria reuniuse cos veciños para explicar o que el pretendía co plan director. Este Alcalde demostrou que non se casa con ninguén.

Sr. González (BNG): creo que era mellor que non interviñera o PP. O alcalde no Consello presuntamente segundo di él, votou a favor só dos accesos, do resto que anunciou o presidente da autoridade portuaria non. O alcalde de Redondela foi ninguneado unha vez máis por este home. Se realmente estivese en contra deste proxecto convocaría aos veciños e sería o primeiro en defender ós veciños para que vivan con certa calidade de vida. Esta zona é moi sensible e cada vez que hai un problema relacionado con isto a xente se preocupa moitísimo. Simplemente resumir para onde vai o BNG: recuperación integral da enseada, apostamos por revertir o proceso de meter industria, apostamos por reducir o tráfico pesado e se reduza a utilización do vehículo para que as condicións dos veciños melloren. No PXOM o maior espazo de chan industrial está na beiramar. Ó alcalde de Redondela iso nunca lle importou. Virán empresas a instalarse na beiramar de Redondela e o alcalde no Consello de Administración cala. Isto non pode acabar aquí.

Sr. Fojo: o que hai agora mesmo en Rande é un monumento ao feísmo; pensando nos veciños de Rande moitos seguen sen rede de sumidoiros. PP e PSOE teñen argumentos bastantes para facer un debate xigantesco nunha moción na que todos estamos de acordo; porque aínda está Rande metido no medio deste lío. Apoiaremos a moción.



Sr. Bastos: a pregunta que che dicíamos Xoán Carlos, era a de a que vos referides con calquera outra actividade non a que ía facer alí. Parécenos ben a moción. Hai que facer propostas en positivo. É certo que dende a Portela ata Meirande é un dos poucos tramos da costa que podemos recuperar para uso da cidadanía.

Sr. Cabaleiro: sra. Amoedo fala vostede de que as rutas marítimas comezaronas vostedes cando a realidade é que foi un proxecto que iniciou o PSOE co FEDER e continuaron vostedes. O alcalde di que unha cousa diante dos veciños e outra nas reunións da autoridade portuaria. No que dixo respecto da moción que votamos en contra presentada por vostedes, votamos a favor da moción de AER naquel momento porque había dúas, a outra era a súa. Consideramos que a de AER era mellor.

Vostedes están ao recorte de prensa do sr. López Veiga. Non saben o que queren para esa zona. O PSOE si que tiña un proxecto. Me alegra que isto saia por unanimidade.

Sra. Amoedo: di vostede que había rutas a Rande ¿onde atracaban? O problema que ten vostede e que quere esquecerse do pasado e téñeno. O alcalde representa ao Concello no Consello da Autoridade Portuaria e fai caso vostede de declaracións nos periódicos. ¿Viñeron os barcos ruinosos para aquí? Respecto da moción pregunto onde está o proxecto e a proposta, o Alcalde dixo ben claro que non queremos este tipo de actividades aí. Cando vostedes eran membros da autoridade portuaria ¿que fixeron por mellorar? A gran diferenza é que agora Rande ten aula de interpretación, espazo recuperado no entorno polos veciños, pantalán onde atracan os barcos, conmemoración da batalla de Rande grazas ós veciños, e a recuperación do Castelo de Rande.

Sr. González (BNG): isto pode chegar ó Congreso dos Deputados/as, aquí está o Ministerio de Fomento polo medio, o BNG pode levar o debate ao Congreso. Dende AER se pregunta que tipo de industrias ou actividades, para nós como se é industria de palillos, non queremos actividade industrial ningunha. Queremos recuperar os espazos ocupados pola lámina de auga que son Rede Natura 2000.

Existe incongruencia do alcalde do PP entre o que votou no Consello da Autoridade Portuaria e do que vai votar agora aquí. O BNG sempre que houbo anuncios públicos dos terreos de Autoridade Portuaria presentou alegacións, ¿onde están as do PP?. Se fixeron argumentarios impecables que levaron a que se parase a cementeira sendo conselleiro do mar López Veiga, era el quen quería declarar supramunicipal a cementeira. Quen se enfrontou violentamente por mor da cementeira foi Carlos Pazos. Agora veñen a vender isto, aquí se está cocendo algo gordo. O BNG quere recuperar medioambientalmente a enseada de San Simón e recuperar as condicións de vida dos veciños/as. Agradecemos os apoios pero non estamos de acordo coa hipocrisía.

#### VOTACIÓN E ACORDOS:

Sometida a votación a mencionada moción, apróbase, por unanimidade dos concelleiros presentes sendo 20 votos a favor (08 do PP, 06 do PSdeG-PSOE, 04 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito)



Alcalde: sendo as 22:15 recesso ata as 22:38. Ao reiniciarse a sesión, non está presente o Sr. Álvarez (PSOE).

### **6.2.2 Moción PSOE Sistema Sanitario e Punto de Atención Primaria Redondela.**

#### **ANTECEDENTES:**

Moción do PSOE do día 27.06.2018 con número 2018-E-RE-888 que se transcribe a continuación:

*“O principal problema do sistema sanitario público galego é de persoal. Existe un deficitario número de profesionais no sistema que deriva nunha sobreexplotación das súas condicións laborais e, a pesares do seu esforzo, na existencia de demoras e listas de espera que empeora o servizo asistencial.*

*Ante as políticas de xubilación obrigatoria aos 65 anos, só existe unha taxa de reposición do 10%. Isto xerou unha perda de 539 prazas de médico e médica das que só se repuxeron 117 prazas en Galicia.*

*Ademais dun problema de número, o persoal traballador no sistema sanitario público galego ten tamén un problema de condicións laborais. Por un lado os contratados de modo precario, en condicións de esixencia elevada sen contraprestacións axeitadas, con eventualidades inaceptables e con subterfuxios legais que teñen provocado xa sentencias xudiciais contra o Sergas pola contratación en fraude nalgúns casos. Existen centos de profesionais que encadean durante meses contratos de poucos días, superando xornadas de máis de 24 horas seguidas e distancias de decenas de quilómetros nunha xornada para desprazarse a postos de traballo diferentes. Son persoal sanitario substituto, nunha situación que eles mesmos definen como de semiesclavitud e que se ve agravada no caso dos profesionais dos PAC.*

*Un sinalado caso de problemas laborais está nos traballadores dos PAC. A pesares de ser persoal estatutario do sistema, os profesionais traballadores dos PAC en Galicia atópanse en situación de indefensión ante unas condicións laborais inaceptables en moitas das cuestións que lles afectan. Están afectados pola negativa constante da Xunta de Galicia de afrontar con garantías a revisión da paralización dos acordos retributivos de 2008, conxelados en 2010 polo goberno de Núñez Feijoo, e que derivan no mantemento do persoal sanitario de Galicia como un dos de peores condicións de toda España (o peor en varios indicadores).*

*Coa escandalosa política encuberta de control das Listas de Espera, limitan a accesibilidade aos pacientes ás intervencións cirúrxicas, consultas e probas diagnósticas de Atención Especializada dende Atención Primaria. De xeito que reducen as interconsultas a medios telemáticos na maioría dos servizos, eliminando a posibilidade de derivación con presenza física do paciente ou outros métodos, ao igual que denegan o acceso á petición de probas diagnósticas.*

*A todo o anterior, súmase a proliferación de tempos de espera para responder peticións de consulta telemáticas e na existencia de caixas de correos (práctica ilegal) de espera*



*para comunicar unha data de citación xa que sen estadística, é dicir o limbo das caixas de correos, non existe de maneira oficial as listas de espera.*

*Tras a creación das EOXI, as cales non cumpren a función de estruturas de integración asistencial, senón de mecanismos de centralización burocrático-administrativa e orzamentaria a nivel hospitalario co obxectivo de supeditar a Atención Primaria ás necesidades da Atención Especializada. Dítanse e impóñense de maneira xerárquica os criterios ao mesmo tempo que se crean novas especialidades, novas unidades hospitalarias que invaden competencias clínicas da Medicina de Familia e establécense instrucións sobre o que se debe e non se debe facer, incidindo sobre a autonomía e independencia nas decisións clínicas do médico de familia.*

*Ademais desta cuestión, de maneira específica o persoal dos PAC ten problemas coas ausencias por baixas, ao non ser validado o seu tempo laboral como baixa se non como a necesidade de reubicar as súas horas; a súa non prioridade para establecer quendas e horarios respecto dos outros traballadores que, asociados a outros servizos, fan parte dos seus horarios nos PAC; o deficiente servizo de provisión de medios materiais e o seu mantemento, tendo que utilizar medios propios en moitos casos para mantelos en condicións, e outras cuestións que levan tempo reclamando e das que o Sergas é coñecedor pero non ofrece resposta satisfactoria.*

*No caso do PAC de Redondela cando o persoal sanitario está de baixa por enfermidade, facendo uso dos seus días propios ou no seu dereito a vacacións, a súa lista de pacientes pasa a repartirse entre 1 ou 2 compañeiros do PAC. Isto último ocasiona: unha elevada carga de traballo para o persoal sanitario, a merma de calidade do servizo debido a que hai menos tempo para empregar por paciente e unha incrementación do tempo de espera para a atención médica. Isto é máis grave no caso das pediátrías na quenda de mañá no PAC de Redondela onde todas estas problemáticas incrementanse coa chegada do verán. Cabe resaltar que a día de hoxe, moito do persoal médico do PAC de Redondela teñe o cupo completo e para conseguir unha cita tárdase unha media de 5-6 días.*

*Por todo o exposto, solicítase ao pleno da corporación municipal os seguintes ACORDOS:*

- 1. Instar á Xunta de Galicia á dotación de recursos materiais e humanos necesarios para garantir os servizos asistenciais de calidade a través do PAC de Redondela.*
- 2. Instar á Xunta de Galicia para abrir unha canle de negociación específica co persoal dos PAC para restituír condicións laborais equiparables, como mínimo, ao resto dos profesionais do servizo galego de saúde.*
- 3. Instar á Xunta de Galicia a recoñecer a súa especificidade nas cuestións de organización de quendas, horarios, horas de traballo recuperables e non recuperables tras baixas e outras cuestións que sexan motivo de acordo específico."*

#### INTERVENCIONS:

Sra. Rivas dá lectura da moción.

Sr. Fojo: para nós isto non é nada novo, son os efectos dos recortes nun sector tan importante como o da sanidade. Veremos como arranxa os orzamentos o PSOE para





devolver á sanidade pública os cartos que se privatizaron. No caso de Redondela non entendemos ata que punto se pode xestionar tan nefasto. O SERGAS carece de coordinación entre primaria e especializacións, existe desfase entre atención sanitaria e atención social, moitas das urxencias son por motivos sociais... exemplos en casos como enfermos de diabetes por ataque hipoglucémico no que se lle dá de alta sen valorar a situación social. Non hai protocolo para valorar situación específica nin protocolo antisuicidios como teñen en Ourense; os servizos na UCI moitas veces chaman a calquera que non estivo nunca neses servizos. Provocan máis carga no persoal cualificado. Esta loita continúa día tras día. Estamos de acordo coa moción pero mantemos recelo coa dispoñibilidade da Xunta e do goberno central.

Sr. González (BNG): vendo a data na que se presentou a moción e a situación que se produciu no verán temos que dicir que era unha moción acaída para poñer en solfa ó persoal que traballa nos PAC, de todos é coñecido que non chegou a tempo esta moción para evitar o triste pasamento dun veciño na Estrada. Esta persoa porque non hai persoal suficiente para cubrir este PAC acaba falecendo. A defensa da sanidade pública vai repercutir nas condicións necesarias dos veciños e veciñas. Unha boa atención primaria que poida ser preventiva vai incidir directamente. Os profesionais que traballan no PAC de Redondela actúan con moita profesionalidade. No centro de saúde de Soutomaior houbo mobilizacións veciñais.

A información que manexamos é que só hai dous pediatras. Hai unha situación moi precaria dos profesionais que traballan nos PACS. Nos parece acertado que se traia este tema aquí. O vindeiro 11 de setembro no Parlamento Galego debaterase a situación dos PAC e da sanidade pública.

Sr. Cano: coincidimos en que foi un erro non tratar esta moción antes. AER sempre se opoñerá á privatización e recortes de servizos públicos. Cando o PSOE se lamenta de que só haxa un 10% de taxa de reposición convén lembrar que foi o PSOE quen a puxo. Estamos en contra dos recortes e dos problemas de contratación co persoal, fanse contratos por días. O 40% das manifestacións sanitarias do Estado concéntrase en Galicia. É inaceptable que profesionais sanitarios encadeen contratos temporais por días.

Os recortes supoñen unha peor saúde para as persoas, isto provoca mobilizacións da cidadanía. Os profesionais sanitarios crearon un colectivo PACS en pé de guerra. O Consello do Colexio de Médicos de Galicia advertiu da falta de médicos, pediatras e recursos. A Asociación galega para a defensa da sanidade pública fixo un comunicado denunciando todos os problemas existenciais que padece a poboación infantil. Existiron diferentes mobilizacións en diferentes localidades.

Os pediatras e médicos foxen da atención primaria pola precariedade e falta de recursos. Entre os días 5 e 14 de xullo producíronse descubertos, non estaban os médicos, 2 dos descubertos producíronse en Redondela. Despois do triste pasamento ocorrido na Estrada e dos paros que se fixeron no mes de agosto, a Consellería de Sanidade comprometeuse a facer melloras pero despois de cinco reunións se denunciou a falta de interese pola Consellería en adoptar medidas. Se non se aplican medidas é posible un desastre asistencial.



Sra. Amoedo: é importante manter o noso sistema sanitario e está claro que a situación nos últimos anos non foi fácil. A crise azoutou en todas as partes. O PSOE meteu o 10% de taxa de reposición e tamén cando vostedes gobernan queiman os cartos. No caso do PAC de Redondela me gustaría saber se falou coa coordinadora e saber se Redondela estivo sen pediatra durante o verán. Galicia foi a primeira comunidade autónoma que lle dixo ó Ministerio de Sanidade que había un problema serio de médicos de familia e de pediatras. Non se poden dar mensaxes alarmistas. Non nos leva a nada.

Sra. Rivas: non prepara as mocións sra. Amoedo. Isto é unha cuestión importante, non cren nunha sanidade pública. Os pacientes e usuarios están sufrindo isto, non é alarmista, é realista. Nos últimos anos hai un 25-30% máis de demanda na atención nos PACS. Hai un manifesto firmado polas tres asociacións de médicos e de enfermería como é a de pediatría, enfermería familiar e comunitaria de Galicia e Colexio Oficial de Médicos. Afirman que non se fai o correcto, se limitan os investimentos e non se atenden as necesidades reais, sostendo a precariedade laboral do persoal.

O sr. Almuiña ten como solución rifar ós usuarios por acudir ás urxencias hospitalarias e non á atención primaria, cando sabemos que na atención primaria non hai recursos suficientes. Menos número de profesionais conleva peor calidade sanitaria. Os PACS e o de Redondela tamén teñen unha moi mala atención, hai problemas coas quendas, problemas co material, actualmente o persoal do PAC de Redondela en determinados casos ten que ir nos seus propios medios cargados con todo o seu material necesario. Hai escritos dende o ano 2016 detallando todas estas demandas que acabo de nomear. Dende o mes de xullo no PAC de Redondela deixáronse de facer radiografías porque estaba de vacacións o persoal e non o substituíron.

Sr. González (BNG): como ao alcalde de Redondela lle fan tanto caso no PP seguramente repoñan persoal no PAC. Xa houbo algunha mobilización por parte dalgunhas familias para que houbo un pediatra de garda. Xa é recorrente que moitas destas mocións non veñen avaladas só por organizacións políticas senón tamén polos usuarios e veciños, que tamén destacan a profesionalidade do persoal. Precariedade impulsada polo PP e toda a privatización.

Sr. Cano: diríalle á voceira do PP que non ten sentido apoiar esta moción e ao mesmo tempo apoiar as políticas da Xunta. Os datos oficiais do SERGAS fan de 30 días de espera para operarte de cataratas, calquera persoa sabe que isto non é así. Hai centros de saúde nos que non che dan cita ata pasar varios días. En Galicia existe elevado envellecemento, desde que está Feijóo hai 900 camas menos para os pacientes. Os que fan o MIR volven facer outra especialidade debido á situación tan precaria. En agosto co suceso de A Estrada na que morreu un home por non haber médico, é triste saber que non morrería se nese momento estivese un facultativo non habendo recortes.

Sra. Amoedo: é coherente dicir que temos unha boa sanidade e pedir máis recursos para a sanidade.

Dicir que a persoa seguiría viva se houbo un médico, non o sabemos. É arriscado dicilo. Creo na sanidade pública, os resultados electorais avalan que a política sanitaria de Feijóo non é tan mala. Apoiaremos a moción porque cremos que é bo. Dea datos das prazas existentes nas ofertas de emprego, se están aumentando as prazas.





Sra. Rivas: a min sra. Amoedo tamén me encanta falar. Hai que falar con datos, na miña primeira intervención aporteille datos. É mentira que diga que o PSOE queima cartos na sanidade pública. Hoxe recuperamos a sanidade universal, o PP votou en contra. Traballei na sanidade pública e os anos nos que mellor traballei foi co bipartito.

#### VOTACIÓN E ACORDOS:

Sometida a votación a mencionada moción, apróbase, por unanimidade dos concelleiros presentes sendo 19 votos a favor (08 do PP, 05 do PSdeG-PSOE, 04 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito).

### **6. 3 Rogos e preguntas.**

#### **PREGUNTAS:**

A Sra. Rey (PSOE) dá lectura das seguintes preguntas:

#### **Pregunta formulada polo PSOE sobre o Entroido de Verán. (Rex. Entrada 05.09.2018, 2018-E-RE-1258).**

*“Ante do Entroido de Verán do pasado agosto, o Sr. Bas saiu en diferentes medios decindo que multarían ás persoas que fixeran botellón, a diferenza do asumido na reunión cos demais grupos políticos onde falaba dos menores de idade. Isto último foi un claro exemplo de campaña electoral xa que o propio día do Entroido de Verán o centro de Redondela converteuse nun botellódromo máis preto das casas, advertencia feita con antelación polo PSdeG-Redondela que comparaba pechar sitios públicos ao que sucedera nunha anterior edición cando por mor da chuvia durante a celebración do Entroido dispersouse o botellón por todo o centro.*

*Nos días posteriores ao Entroido de Verán, o Sr. Bas falaba do éxito do Entroido de Verán sen mencionar ningún dos incidentes durante a celebración deste. Tendo constancia este Grupo Municipal Socialista dos diferentes problemas sucedidos durante a pasada edición do Entroido de Verán.*

#### **PREGUNTAS:**

*Cantos incidentes, separando menores e non menores, sucederon como: roubos, comas etílicas, agresións e pelexas? O Goberno Municipal do PP de Redondela estaba suscrito ao Plan de Autoprotección? ”*

Resposta:



Alcalde: quero que me aclare a que plan de autoprotección tiñamos que estar subscritos.

Sra. Rey: hai concellos como Pontecaldelas que están subscritos ao Plan da Xunta.

Alcalde: nós temos o noso propio plan de autoprotección. Na xunta de voceiros falei de que non habería barras con alcohol, que existiría vixiancia de consumo de menores, tamén nos establecementos e supermercados, hospital de campaña que se facía, policía local, nacional, seguridade privada, GRUMIR. Se falaba da importante característica que tería este carnaval para o público infantil. Fomos felicitados, tamén no recinto pechado. Algúns concellos chamaron para interesarse pola campaña. Vandalismo e tema das drogas se controlou por parte da policía, tamén os centros onde se podería vender alcohol. Se pedían os carnés de identidade ás persoas que poderían ter aparencia de menores. Na campaña nos medios se desanimou á xente para que non viñera a facer botellón. No transporte público non había bolsas con bebida. Menores mentalizados. Os resultados do hospital de campaña comparativamente co ano anterior se reduciron as intervencións un 25%, intervencións que tiveran que derivar ó paciente a outro centro se reduciron máis da metade, a menores non se derivou a ningún. O tema dos menores intervidos por alcohol se reduciu a máis da metade.

Cando me preguntan polo plan de autoprotección nós o temos, estaba subido no rexistro galego do plan de emerxencias. Me estraña que aquí traten de poñer o tema escuro e en Vigo non queren asumir a responsabilidade. Tratan de poñer en escuro algo que foi brillante. Nós temos a responsabilidade. Todos os concelleiros estiveron colaborando para que o Carnaval de Verán tivese estes resultados.

**Pregunta formulada polo PSOE sobre colocación visera parada Taxis da Praza da II Republica. (Rex. Entrada 05.09.2018, 2018-E-RE-1259).**

*“Os taxistas e as taxistas de Redondela trasladaron queixas ao Goberno Municipal do PP pola parada de Taxis da Praza II República debido a que solicitan a posibilidade da instalación dunha visera que facilite o seu traballo cando exista situacións de clima adverso.*

**PREGUNTA:**

*O Goberno Municipal do PP de Redondela ten pensado ofrecer algunha solución para os taxistas e as taxistas que fan o seu traballo na parada de Taxis da Praza da II República?”*

Resposta: Sr. Barbeiro: non son queixas, trasladaron a inquietude e se analizou a súa petición e se lle explicou porqué non podía ser. Recordarlles que tiveron a oportunidade hai anos cando trasladaron a parada de taxis do tenderete xunto a Casa da Torre e levárona para onde está hoxe, non respectando o río, houbo que reformalo cando chegou o PP. As paradas da avenida de Redondela e avenida de Vigo sofren as mesmas inclemencias.



**Pregunta formulada polo PSOE sobre o Camiño de Santiago. (Rex. Entrada 05.09.2018, 2018-E-RE-1257).**

*“A falta de mantemento ao longo do traxecto do Camiño de Santiago polo noso Concello é evidente nestes últimos sete anos, tanto no mantemento como na existencia dos mesmos puntos negros. Durante estos anos presentamos, tanto ante este pleno como en prensa, denuncias pola situación do Camiño de Santiago como podía ser a falta de mantemento no Camiño dos Frades en decembro do ano pasado, a maleza e lixo na entrada polo Muro a Redondela en xullo de 2016 (reiterada en abril de 2017) ou mesmo a sinalización de brechas por parte da veciñanza no Camiño dos Frades en abril de 2016.*

**PREGUNTAS:**

*Cantas subvencións relacionadas co Camiño de Santiago solicitou o Goberno Municipal do PP de Redondela nestes últimos sete anos? E cantas actuacións realizáronse no noso Concello relacionadas co Camiño de Santiago nos últimos sete anos?”*

**Resposta:** Sra. París: se están multiplicando os establecementos que atenden a estas persoas, a hostelería está crescendo e os servizos que os atenden tamén; iniciativas como a ruta do Choco, o tren do Choco, visitas guiadas... cousas que axudan a que pernocten, tamén estamos poñendo tres idiomas para atendelos. A maiores, ada vez que se convocan axudas para mellorar os camiños, se solicitan. Tema da oficina de turismo, aspectos de recuperación de elementos patrimoniais a través de roteiros que dean a coñecer o noso Camiño de Santiago; se recuperaron fontes, se repuxeron bancos e fontes, se arranxaron desprendementos, se sinalron con fitos o Camiño Portugués pola costa, se traballa en iniciativas como mellorar o firme e tramos onde sexa oportuno. Moitos peregrinos teñen que pasar por Vigo no Camiño Portugués pero alí non está sinalizado e supón un problema.

O Sr. Covelo (AER) dá lectura das seguintes preguntas:

**Preguntas formuladas por AER sobre varios temas. (Rex. Entrada 05.09.2018, 2018-E-RPLN-16).**

**1) Sobre patrocinio de eventos culturais en Redondela.** *Á pregunta de que tipo de axuda recibiu o festival “Sinsal” por parte do Concello de Redondela na pasada edición, respondeuse que foi un patrocinio directo pola relevancia que supón a difusión do nome de Redondela.*

*Como é ben sabido, nos últimos tempos diversos eventos culturais organizados por entidades sen ánimo de lucro, mesmo antes da existencia do festival “Sinsal”, con*



relevancia e nome en toda Galicia, foron desaparecendo ou mesmo atópanse en situación precaria e a piques de desaparecer polas dificultades económicas e de loxística que padecen.

Xa que se utilizan estas formulas “extraordinarias” de patrocinio por parte do goberno local, PREGUNTAMOS:

**O goberno local non podería destinar eses cartos de “patrocinio” para establecer convenios de colaboración regulados con estas entidades de Redondela que tiveron ou terán que cancelar as súas programacións por falta de apoio firme institucional?”**

Resposta: Sra. París: a decisión de facer a contratación é decisión política e no futuro se estudará outro tipo de colaboración ou xestión. A maiores dos premios e recoñecementos, é o primeiro festival que se preocupou de elaborar un informe de impacto na comarca na que se desenrola e estivo elaborado a través dunha tese doutoral. Voulle dar dous indicadores importantes que indican a verdade deste festival: de cada euro que se inviste se xeran 3 euros. Aproximadamente do 80% das persoas que veñen proceden de Galicia e outro 20% de fóra. A atención do persoal do festival está valorada en nove e pico sobre dez, xestión dos recursos e reciclaxe ou o escenario, tamén se valora en máis de nove.

Sr. Covelo: fago a pregunta de novo.

Alcalde: isto é unha decisión política con este festival excepcionalmente. Esa fórmula co SINSAL non se pode facer extensiva a todos. O patrocinio se fixo para o SINSAL, para os demais se fai vía subvención.

**2) Sobre achegamento á cultura de base de Redondela.** *“Redondela conta con gran cantidade de programación desenvolta por entidades, asociacións e centros culturais sen ánimo de lucro. Esta actividade é un complemento ou practicamente podemos dicir que é un substituto á programación oficial do Concello de Redondela, chegando onde a programación oficial case que non chega, e cubrindo aspectos culturais e inquietudes que o propio Concello non abarca. Ou sexa, desenvolven unha actividade cultural moi necesaria e enriquecedora da programación sociocultural de Redondela.*

*É un deber, ao noso ver, do goberno local achegarse periodicamente a estas entidades para coñecer as necesidades, dificultades, ideas e propostas destas entidades para así apoialas no que precisen, de cara a que poidan seguir desenvolvendo a súa actividade. Desgraciadamente temos constancia de que as reunións da Concellería de Cultura coas entidades culturais existentes no Concello son mínimas, con resultados prácticos case que nulos e habitualmente realízanse tras petición e insistencia da entidade cultural.*

Por todo anteriormente exposto, PREGUNTAMOS:

**A que se debe ese desinterese do goberno local por achegarse ao movemento asociativo e cultural de Redondela para coñecer a súa realidade, necesidades e as**



### **ideas que poden aportar á cultura do noso concello?"**

Resposta. Sra. París: os concelleiros somos cercanos e atendemos a calquera persoa, a calquera proxecto de entidade ou asociación se nos queira trasladar. A miña porta sempre está aberta. Respectando o traballo que eles fagan. Seguimos facendo cousas para que o Concello de Redondela siga desfrutando.

**3) Sobre a exención do IBI ás comunidades de montes en man común.** *“Atopámonos actualmente no período do cobro do IBI a persoas físicas e xurídicas. As Comunidades de Montes Veciñais en Man Común están, unha vez máis, recibindo cartas de pago por instalacións que se atopan nas súas propiedades. Estas instalacións pasan por depósitos de auga para subministro aos veciños, centro culturais ou mesmo instalacións deportivas. Ou sexa, son instalacións de uso común e de interese xeral, sen ningún tipo de contra prestación asociada.*

*Por outro lado, como vostedes ben saben, dacordo co artigo 62, punto 1, apartado b) da Lei 2/2004 de Facendas Locais, “Os bens comunais e os montes veciñais en man común están exentos do Imposto sobre Bens Inmóbeis” e o artigo 2 da Lei 113/1989 de Montes Veciñais en Man Común, recolle que estes “non están suxeitos a ningunha contribución de base territorial nin á cota empresarial da Seguridade Social”.*

*Temos constancia non obstante que o Concello de Redondela reiteradamente non recoñece esta exención. polo que poderíamos cualificar “un exceso de celo”, xa que ante alegacións similares noutros concellos da provincia e en circunstancias similares, si que se recoñece a antedita exención destes bens comunais.*

*Por todo o exposto, PREGUNTAMOS:*

***A que se debe este “exceso de celo” reiterado á hora de que o Concello de Redondela non recoñeza a exención do pago do IBI nos “bens comunais e montes veciñais en man común” tal como establece o artigo 62, punto 1, apartado b) da Lei 2/2004 de Facendas Locais ? Poderíase estudar como solucionar esta situación?”***

Resposta. Alcalde: lle pedín a explicación técnica ós técnicos do Concello. No padrón de bens inmóbeis de natureza rústica se tramitaron de oficio as baixas. Pode existir algunha excepción onde se solicita a exención para bens inmóbeis urbanos sen acreditar que é monte ou terreo forestal.

**4) Sobre o deseño do novo edificio de Servizos Sociais e CIM.** *“Unha vez analizado o proxecto do novo local de Servizos Sociais (SS) e CIM, atopámonos cunha serie de dúbidas sobre o que vai ser a distribución, eficiencia enerxética, efectividade na atención primeira no servizo e mesmo na accesibilidade. Tendo en conta que estas serán as instalacións de SS e do CIM durante anos, e pensando na súa eficiencia a longo prazo, facémonos as seguintes reflexións:*

*- Obsérvase unha separación física entre o que é Servizos Sociais e o CIM, con dúas entradas diferenciadas, unha ampla para o CIM e outra secundaria para Servizos Sociais. A sala de espera (1) de SS é de menor tamaño que a sala de espera (2) do CIM, dando apenas para 8 cadeiras. Non sería máis práctico unha única sala de espera para*



*ambos servizos facendo uso da entrada de maiores dimensións e dende a sala principal facer a distribución dos usuarios segundo corresponda? A porta de entrada á sala de espera (1) de SS non resulta moi escasa en canto a accesibilidade?*

*- Segundo se deduce do proxecto, os locais 7-8-9 estarán destinados ao CIM, os locais 1-2-3-4-5-6 estarían destinados a SS, pero descoñecemos a que estaría destinado o local10.*

*- No CIM hai 3 persoas (psicóloga, avogada e técnica de igualdade) que cada unha tería o seu despacho. En SS contaríase con 6 despachos. Agora mesmo hai 4 persoas en SS (Coordinadora, traballadora social, educadora social e auxiliar administrativa) máis un policía común. Podería parecer que se deseñou axeitadamente a distribución de locais pero a maiores cóntase cun traballador temporal pola Deputación e na RPT hai previstas 2 traballadoras sociais, unha psicóloga e outra auxiliar administrativa, que no futuro poderíanse sumar ao equipo de SS. Como mínimo nun falaríase de 8 persoas polo que non chegarían os despachos. A maiores existe unha orientadora laboral que actualmente atópase na planta baixa do antigo conservatorio, que en principio está para traballar conxuntamente con SS e procedería trasladala tamén ao novo edificio. Se a isto se engade que persoal de SS de Chapela achégase unha vez a semana ata as oficinas de Redondela, poderíamos chegar a falar de ata 10 persoas nun mesmo día en servizos sociais. Non hai un déficit de planificación de locais na área destinada a Servizos Sociais? Que solución ten pensado se se dá a situación anteriormente descrita?*

*- Actualmente cóntase cun só policía que dá servizo a SS e ao CIM. No novo edificio, ao estar tan separadas ambas salas de espera, tense pensado na presenza de 2 axentes de policía?*

*- As portas de acceso van ter algunha característica (opacidade) que garanta a privacidade dos e das usuarias? PREGUNTAMOS: Poderían dar unha explicación detallada das cuestións e reflexións plantexadas acerca da distribución e planificación do persoal no novo local de SS e do CIM?"*

Resposta. Sra. Amoedo: o que se deseñou foi un proxecto de base sobre o que traballar. CIM e parte de benestar social están integradas por dentro, hai pasillo de conexión coas dúas, arquivo compartido; os despachos usaranse segundo vaian facendo falta. As persoas que veñen da Deputación sempre están acompañando á traballadora social no posto, non teñen un despacho propio. A distribución do edificio está pensada para ir a algo máis do que estamos tendo agora. Respecto das salas de espera estamos medindo que haxa espazos con accesibilidade. O CIM en determinados momentos ten que ter discreción entón ten que existir unha sala na que nun momento determinado teñan que estar e vai existir opacidade.

Alcalde: os rogos incorpóranse á acta.

**ROGOS**





**Rogo formulado polo PSOE mantemento e mellora acceso á Praia Vella (Rex. Entrada 05.09.2018, 2018-E-RE-1255).**

*“Nos últimos anos, o acceso mediante rampa á “Praia Vella” a carón da Fontiña situada no muelle de Cesantes é impracticable. A veciñanza do lugar queixase da falta de mantemento nos últimos anos nesta zona, algúns destes veciños e veciñas teñen pouca mobilidade polo que non poden nin acceder a este sitio público. A isto cabe sumar, o marisqueo nesta zona que fai que sexa un lugar polo que transitan homes e mulleres cargados por unha rampa chea de brechas.*

*Por esta razón, **ROGAMOS** ao señor Alcalde que faga a xestións oportunas para:*

*Que inicie o procedemento coas administracións oportunas para o mantemento e mellora do acceso á “Praia Vella” de Cesantes.”*

**Rogo formulado polo PSOE protección e inclusión no PXOM do Elemento Patrimonial situado na Baixada da Rúa da Leña hacia Rúa Prata. (Rex. Entrada 05.09.2018, 2018-E-RE-1256).**

*“O PSdeG-PSOE de Redondela presenta este rogo ante o Concello para que actúe de inmediato xa que o elemento patrimonial que tratamos de manter é dunha gran importancia. Este está situado na baixada da Rúa da Leña hacia Rúa Prata.*

*As fotos antigas da nosa Vila son testemuñas da existencia dun Hórreo nese terreo, así como a veciñanza da zona, e agora coa limpeza da finca, as pedras saíron a relucir (como sae nestas fotos que adxuntamos). Este Grupo Municipal Socialista denuncia este feito ante o temor de que as pedras desaparezan do lugar, perdéndose parte da nosa historia na Rúa da Leña.*

*Tamén nos planos do novo PXOM, este Hórreo non está documentado, a diferenza doutros existentes en Redondela.*

***ROGAMOS**, ao señor Alcalde que faga a xestións oportunas para:*

*Que actúe na protección e inclusión no PXOM do elemento patrimonial situado na baixada da Rúa da Leña hacia Rúa Prata.”*

E dado o avanzado da hora, sendo as vinte e tres horas e cincuenta e oito minutos do día indicado no encabezamento, o sr. Alcalde dá por rematada a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretario, dou fe.